



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/11 EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE ABEGONDO DO LUNS 9 DE OUTUBRO DE 2023
EXPEDIENTE: 2023/G010/000011

ACTA Nº 2023/11 SESIÓN Extraordinaria DO PLENO - SALÓN PLENOS CONCELLO, luns 9 de outubro de 2023

No día de hoxe, ás 14:03 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Silvia Taboada Carro

Jairo Bello Vidal

Ana María García Mayo

José Cañas Otero

Blandino García Roel

Escusa a súa ausencia:

Jesús García Núñez

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora en réxime de interinidade

Cristina Ciudad Buitrago Rúa

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.APROBACIÓN,SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026

2.APROBACIÓN,SE PROCEDE,DAS ALEGACIÓNS PROXECTOS SUBESTACIÓNS ELÉCTRICAS SUBESTACIÓN ABEGONDO

3.APROBACIÓN, SE PROCEDE,DA DESESTIMACIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN DAS PRAZAS DE GARAXE E TRASTEIROS DA PRAZA PÚBLICA DE O ADRO



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4.MOCIÓN PRESENTADA POR O BNG RELATIVA AO EMPRAZAMENTO TUMULAR OU NECRÓPOLE QUE SE SITÚA NA ZONA ALTA DE MONTOUTO (SAN BARTOLOMEU) E NA ZONA DE VIZOÑO (A MALATA O ABELAR,BORRUCEDO).O QUE ACTUALMENTE COÑECEMOS CO NOME DE MONTE SAN BARTOLOMEU.

5.MOCIÓN PRESENTADA POR O BNG PARA A INSTALACIÓN DE SENDAS PEONÍS OU BEIRARRÚAS NA DP-0103

1.APROBACIÓN,SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2024-2026

Dáse conta da proposta que foi aprobada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral do Xoves día 05.10.2023:

ASUNTO: PROPOSTA PLENO APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2024/2026

EXPEDIENTE: 2023/G006/000207

Resulta imprescindible proceder á aprobación do PES para o período 2024-2026, de tal forma que cubra a presente legislatura, dando cumprimento ao indicado no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera ente público responsable da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia se presenta o citado Plan que, si ben non contempla ningunha axuda de carácter plurianual, segue apoiando as accións de colectivos que xa viñan recibindo axudas en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: ". Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial". Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, , coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Á vista do expediente tramitado ao efecto, no que consta informe da intervención e proposta de documento, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Abegondo 2024-2026.

SEGUNDO.- Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Abegondo

Ábrese o debate:

Blandino García Roel: Pola miña parte, o BNG é partidario de que non haxa subvencións nominativas ou as mínimas posibles. É moi restritivo este plan, só cultural e deportivo e nós entendemos que se debe ampliar ao ámbito cultural, medioambiental, de xénero, LXTBI, de defensa do territorio, ou outras sensibilidades, é moi clásico, ímonos abster.

Jairo Bello Vidal: Estamos a favor de que as axudas cheguen á maioría dos veciños posible e queremos que chegue e se amplíen a mais veciños. PO plan é importante pero queremos que se incrementen esas achegas e hai que dar un paso mais. Que os estudantes teñan mais axudas incluso pagando a residencia, para os deportistas igual. Hai un tecido social e deportivo importante e queremos que se lle axude.

Alcalde-Presidente: É o único concello que eu coñeza que da axudas de transporte e podemos aumentar a contía a deportistas, pero mellor individualmente xa que en equipo xera celos.

Logo de destas apreciacións e da intervención da interventora onde indica que a regra xeral é a concorrencia competitiva, o alcalde propón que se engada a emenda do BNG, se así se aproba o acordo por unanimidade. O secretario comenta que se engadirá esta liña terceira no artigo 3, Fomento da promoción de carácter ambiental, social e outras.

Pásase á votación do acordo coa emenda indicada:

<p>Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro, Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero e Blandino García Roel)</p> <p>Abstencións: 0</p> <p>Votos en contra: 0</p>
--

Polo que se acorda aprobar por unanimidade dos membros presentes o acordo coa emenda presentada pola alcaldía presidencia:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Abegondo 2024-2026.

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE ABEGONDO 2024-2026

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera ente público responsable da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, estando suxeito en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Transcríbese o artigo 8 da LXS que regula esta obriga

Artigo 8. Principios xerais.

- 1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.*
- 2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.*
- 3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:*
 - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.*

O citado artigo 8 foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 tamén regula no artigo 5 a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións nes seguintes termos:

Artigo 5. Principios xerais.

- 1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.*

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deben estar recollidas no mesmo.

A normativa citada establece como principios inspiradores a transparencia, que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e de forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

O Concello de Abegondo pretende seguir apoiando a diferentes colectivos dentro do ámbito municipal dada súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural ou deportivo.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2024 a 2026 ambos inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; se ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento aos citados obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

Os beneficiarios poderán ser persoas físicas ou xurídicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción do deporte e a cultura.
- Liña 2: Fomento da educación.
- Liña 3: Fomento da promoción de carácter ambiental, social e outras.

5.1. SUBVENCIONS DE FOMENTO DO DEPORTE E DA CULTURA

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter lúdico, cultural e deportivo.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Abegondo.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas e culturais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións culturais do concello.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2024-2026 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrencia competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIONES DE FOMENTO DA EDUCACIÓN.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar e fomentar o acceso á educación das familias con recursos limitados, favorecendo a educación como dereito básico, en condicións de igualdade.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, o que obriga ao pago de desprazamentos por parte das familias e implica un encarecemento no acceso a un dereito básico como é a educación.

- Complementar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.

c) Prazo:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión

g) Plan de actuación:

O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada .

5.3. SUBVENCIONES DE FOMENTO DA PROMOCIÓN DE CARÁCTER AMBIENTAL, SOCIAL E OUTRAS.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter ambiental, de defensa do patrimonio, sociais e outras.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de carácter ambiental, de defensa do patrimonio, de igualdade de xénero, sociais e outras como forma de participación da cidadanía.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia e os fins perseguidos polo fomento desta liña subvencional entre os veciños.
- Fomentar a participación das entidades sociais na dinámica do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Abegondo.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades que poidan levar a cabo as distintas asociacións en relación coas actividades a promover.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2024-2026 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrencia competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan necesario a fixación dun prazo de execución superior ao anual, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

As bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

-Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á intervención do Concello de Abegondo, que se realizará nas condicións estipuladas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

SEGUNDO.- Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Abegondo.

2.APROBACIÓN,SE PROCEDE, DAS ALEGACIÓNS PROXECTOS SUBESTACIÓNS ELÉCTRICAS SUBESTACIÓN ABEGONDO

Dáse conta da proposta que foi aprobada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral do Xoves día 5.10.2023:

ASUNTO: PROPOSTA ALEGACIÓNS PROXECTOS SUBESTACIÓNS ELÉCTRICAS

EXPEDIENTE: 2023/X999/000340 - 2023/G006/000219

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Anuncio polo que se somete ao trámite de información pública (IP) a solicitude de outorgamento das AAP, AAC e DUP do proxecto dun novo tramo de LAT DC 400 kV, publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 167 do 1 de setembro de 2023, expediente GAL/15/EE/2023/1.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDO. Anuncio polo que se somete ao trámite de información pública (IP) a solicitude de outorgamento das AAP, AAC e DUP do proxecto de parque de 400 Kv, publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 167 do 1 de setembro de 2023, expediente GAL/15/EE/2023/2.

TERCEIRO. Anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de outorgamento de autorizacións administrativas previa, de construción e DUP, da instalación de enerxía eléctrica no Concello de Abegondo (nova subestación 220 kV Abegondo, parque de 220 kV da nova subestación eléctrica 400/220 kV Abegondo), publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 168 do 4 de setembro de 2023, expediente IN407A2023/59-1.

CUARTO. O Concello de Abegondo examinou os tres proxectos referidos e logo das valoracións e informes técnicos, redactáronse as alegacións oportunas aos ditos expedientes.

QUINTO. Consta no expediente o informe-proposta da Secretaría.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable será a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia
- Ley 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade
- Directiva 2011/92/UE, deo Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRA. O non sometemento a avaliación ambiental dos tres proxectos de referencia vulnera o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como o Dereito da Unión Europea, de acordo co establecido nas alegacións específicas a cada trámite que se xuntan á parte.

SEGUNDA. Na tramitación dos ditos procedementos de outorgamento de autorizacións e de declaracións de utilidade pública non se ponderaron as utilidades públicas concorrentes que afectan directamente á xestión das competencias propias do Concello de Abegondo; así mesmo, considérase que non se xustifica adecuadamente nestes procedementos a utilidade pública que se pretende declarar, vulnerando deste modo as exixencias derivadas da doutrina ao respecto fixada polo Tribunal Supremo.

Polo tanto, considérase que o Concello de Abegondo debe opoñerse expresamente á declaración de utilidade pública dos proxectos referidos, instando expresamente as Administracións territoriais competentes a que se aplique o disposto no artigo 148.1 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, norma que dispón que a resolución sobre a declaración de utilidade pública corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, se a autorización é de competencia estatal, salvo no caso de que se mantivesen expresamente as oposicións ou obxeccións sobre a declaración de utilidade pública por parte das Administracións ou organismos públicos consultados e o Ministerio de Economía discrepase das súas propostas, en cuxo caso a



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

resolución do expediente corresponderá ao Consello de Ministros.

TERCEIRA. Existe unha contravención do Dereito da Unión e do Derecho interno na execución do presente trámite de información pública por falta de posta a disposición de informes sectoriais.

CUARTA. As instalacións que se proxectan están preto do Camiño de Santiago. Debe considerarse, para os efectos de formar unha visión de conxunto do impacto dos proxectos que se pretenden executar e de ponderar, polo tanto, as eventuais utilidades públicas concorrentes, xa que os ditos proxectos se situarán nas proximidades do Camiño Inglés.

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Opoñerse expresamente á declaración de utilidade pública relativas aos seguintes proxectos, de acordo co establecido nas alegacións específicas a cada trámite que se xuntan á parte:

- Novo tramo de LAT DC 400 kV expediente GAL/15/EE/2023/1, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 1 de setembro de 2023, tramitada pola Administración do Estado.
- Parque de 400 kV expediente GAL/15/EE/2023/2, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 1 de setembro de 2023, tramitada pola Administración do Estado.
- Nova subestación 220 kV Abegondo, parque de 220 kV da nova subestación eléctrica 400/220 kV Abegondo Expediente IN407A2023/59-1, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 4 de setembro de 2023, tramitada pola Xunta de Galicia.

SEGUNDO. Instar expresamente as Administracións territoriais competentes a que se aplique o disposto no artigo 148.1 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, norma que dispón que a resolución sobre a declaración de utilidade pública corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, se a autorización é de competencia estatal, salvo no caso de que se mantivesen expresamente as oposicións ou obxeccións sobre a declaración de utilidade pública por parte das Administracións ou organismos públicos consultados e o Ministerio de Economía discrepase das súas propostas, en cuxo caso a resolución do expediente corresponderá ao Consello de Ministros.

TERCEIRO. Aprobar formular as tres alegacións formuladas e que constan no expediente relativas aos seguintes proxectos:

- Novo tramo de LAT DC 400 kV expediente GAL/15/EE/2023/1, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 1 de setembro de 2023), tramitada pola Administración do Estado.
- Parque de 400 kV expediente GAL/15/EE/2023/2, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 1 de setembro de 2023), tramitada pola Administración do Estado.
- Nova subestación 220 kV Abegondo, parque de 220 kV da nova subestación eléctrica 400/220 kV Abegondo Expediente IN407A2023/59-1, anuncio de trámite de información pública no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do 4 de setembro de 2023), tramitada pola Xunta de Galicia.

CUARTO. Remitir as alegacións formuladas á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

O que propoño para os efectos oportunos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Logo da explicación do alcalde e non habendo debate, pásase á votación:

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro, Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero e Blandino García Roel)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0

Polo que este acordo se aproba por unanimidade dos membros presentes.

3.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN DAS PRAZAS DE GARAXE E TRASTEIROS DA PRAZA PÚBLICA DE O ADRO

Dáse conta da proposta que foi aprobada favorablemente por a Comisión Informativa de Urbanismo do Xoves día 5.10.2023:

ASUNTO: DESESTIMACIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN DAS PRAZAS DE GARAXE E TRASTEIROS DA PRAZA PÚBLICA DE O ADRO

EXPEDIENTE: 2023/X999/000290 - 2023/G003/000445 – 2023/G006/000199

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A declaración de utilidade pública ven dada pola aprobación do proxecto “Humanización na praza do Adro e o seu entorno” dentro do Plan provincial de obras e servizos (POS), aprobado polo pleno da Corporación en data 29 de novembro de 2012. A maior abundamento o PXOM do Concello de Abegondo, aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 14 de setembro de 2012, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 184, do mércores 26 de setembro de 2012, e no Boletín Oficial da Provincia o 11 de outubro de 2012 cualifica ese chan como equipamento público.

SEGUNDO. O 01.04.2013 ditouse resolución de Alcaldía declarando extinto o precario constituído o dous de maio de 1967 no terreo baldío de o Atrio con referencia catastral 15001D508051040000ZQ, polígono 508 parcela 5104. O 28 de xuño de 2013, realizouse a notificación desta resolución, toda vez que a notificación anterior foi entregada a distinto destinatario por un erro no endereço derivado dos datos do padrón municipal. O 26.07.2013 recibíuse con rexistro de entrada 201300003195 o recurso de reposición contra este acto por considerar que a dita resolución non é axustada a dereito: alégase falta de acreditación da existencia do precario, e grave prexuízo para a interesada.

TERCEIRO. Emitiuse informe técnico valorando o ben e as construcións existentes.

CUARTO. O 20.01.2014 o Concello de Abegondo asinou un convenio coa posuínte do terreo, dona María García Lesta, para obter a dispoñibilidade deste.

QUINTO. Mediante resolución de Alcaldía núm. 264/2013 de 29.07.2013 acordouse a necesidade de ocupación e aprobouse definitivamente a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEXTO. Mediante o correspondente anuncio no BOP núm. 148 da Coruña do 6 de agosto de 2013, determinouse a relación de bens afectados pola expropiación no Adro.

SÉTIMO. Mediante unha negociación co propietario chegouse a un acordo para concluír a expropiación forzosa. O dito acordo formalizouse mediante un convenio de data 26.12.2014.

OITAVO. Mediante acordo plenario de data 14.07.2014 o Concello de Abegondo ratificou os convenios.

NOVENO. Na sesión do Pleno realizada o 19.08.2019 o Concello acordou adjudicar mediante concesión administrativa os bens descritos por un prazo de 25 anos.

DÉCIMO. Interpúxose recurso contencioso administrativo contra o acordo do pleno de data 19.08.2019 ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 de A Coruña por parte de María Dolores García Lesta, seguido no procedemento ordinario 0000148/2020.

DÉCIMO PRIMEIRO. Estimouse o recurso interposto por María Dolores García Lesta contra o acordo do Pleno do 19.08.2019 e declarárase nulo de pleno dereito o acordo plenario, impugnando derivados da súa eventual aplicación, debendo cumprir a Concello de Abegondo o Convenio asinado coa actora o 20.01.2014 e ratificado por o Pleno o 14.07.2014, debendo executar todos os actos e trámites para a materialización.

DÉCIMO SEGUNDO. É necesario practicar a desafectación e o deslinde das prazas de garaxe e trasteiros (rochos) da praza pública do Adro para poder executar a sentenza, e así, outorgar a propiedade de cada unha das prazas de garaxe e trasteiros (rochos) de acordo ao establecido na sentenza.

DÉCIMO TERCEIRO. Por providencia de Alcaldía solicítase que a Secretaría e os servizos técnicos emitan informe en relación co procedemento e a lexislación aplicable para levar a cabo o desafectación do ben municipal descrito anteriormente.

DÉCIMO CUARTO. Consta no expediente o informe do técnico municipal.

DÉCIMO QUINTO. Consta no expediente o informe-proposta de Secretaría.

DÉCIMO SEXTO. Mediante decreto da Alcaldía núm. 391/2023 do 04/08/2023 resolveuse aprobar inicialmente a desafectación do ben Garaxe e trasteiros (rochos) que está no subsolo da Praza de O Adro (Abegondo) propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

Así mesmo resolveuse, unha vez que se publicase a aprobación inicial e logo do período de exposición pública, levar a cabo a desafectación das prazas de garaxe e rochos da Praza Pública de "O Adro" e solicitar, no seu caso, a inscrición no inventario municipal de bens deste subsolo como finca independente patrimonial absolutamente diferenciado da finca superior que lle serve de soporte e que continúa sendo ben de dominio público e posteriormente a inscrición no rexistro da propiedade.

DÉCIMO SÉTIMO. O anuncio de aprobación inicial da desafectación das prazas de garaxe e rochos da Praza Pública de "O Adro" publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 156 do 17 de agosto de 2023, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presentasen as alegacións que se estimasen pertinentes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

DÉCIMO OITAVO. Ezequiel Varela Charlón, en representación de María Dolores López Meizoso, con DNI 76325234X, presenta no Concello de Abegondo o día 12.09.2023 con rexistro de entrada núm. 202300000003331, alegacións á aprobación inicial da desafectación do ben Garaxe e trasteiros (rochos) que está no subsolo da Praza de O Adro (Abegondo).

DÉCIMO NOVENO. María Jesús García Rodríguez, con DNI 76348968P, presenta no Concello de Abegondo o día 13.09.2023 con rexistro de entrada núm. 202399900001236, alegacións á aprobación inicial da desafectación do ben Garaxe e trasteiros (rochos) que está no subsolo da Praza de O Adro (Abegondo).

VIXÉSIMO. Consta no expediente o informe-proposta da Secretaría.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable será a seguinte:

- Os artigos 4.1.d), 22.2.j) e 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 44, 56 a 69 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.
- Os artigos 50 a 53 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas
- Os artigos 10.3.b) e 204.4º da Lei Hipotecaria, aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946
- Os artigos 5 e 12 do Regulamento Hipotecario, aprobado por Decreto de 14 de febreiro de 1947
- O texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo.
- O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Os artigos 22.2.l), 47.2.n) e 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRO. O patrimonio das Administracións públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lles foron atribuídos.

Por razón do réxime xurídico ao que están suxeitos, os bens e dereitos que integran o patrimonio das Administracións públicas poden ser de dominio público ou demaniais e de dominio privado ou patrimoniais.

Os bens de dominio público serán de uso ou servizo público.

Son bens patrimoniais os que, sendo propiedade da entidade local, non están destinados directamente ao uso público ou afectados a un servizo público de competencia local, ou ao aproveitamento polo común dos veciños e poidan constituír unha fonte de ingresos para o seu erario. Se non consta a afectación dun ben local, presúmese o seu carácter patrimonial.

SEGUNDO. SOBRE A DESAFECTACIÓN

A desafectación consiste na alteración da cualificación xurídica dun ben, pasando de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, que require para iso un expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

Son bens de dominio público os destinados a un uso ou servizo público e os comunais. Son bens patrimoniais os de titularidade local que non estean destinados directamente ao uso público ou afectados a un servizo público da competencia local ou ao aproveitamento polo común dos veciños e poidan constituír fonte de ingresos para o seu erario. Se non consta a afectación dun ben local presúmese que é patrimonial.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

TERCEIRO. PROCEDEMENTO PARA A DESAFECTACIÓN

Con base en dita normativa considérase que o procedemento axeitado para levala a cabo é o seguinte:

A. A alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais requiren expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade. Así, polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre a oportunidade ou necesidade segundo a Lexislación vixente da desafectación do ben inmovible. O que se xustificará na memoria que consta na expediente

B. Solicitarase nota simple acreditativa da inscrición do ben no Rexistro da Propiedade, e que se emita certificación do Secretario da Corporación sobre a anotación do ben de dominio público no Inventario de Bens do Concello.

C. O expediente someterase a información pública, durante un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Durante este período, quedará a disposición de calquera interesado que desexe examinalo e poderanse presentar as alegacións que se estimen oportunas.

D. Por Acordo do Pleno e previo Ditame da Comisión Informativa, aprobarase inicialmente a desafectación do ben referenciado, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

E. Estudadas as alegacións presentadas, acordarase, a alteración da cualificación xurídica, polo Pleno da Entidade Local, que deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

F. Aprobada a desafectación do ben, deberanse facer as anotacións pertinentes no Inventario de Bens Municipal e notificarase ao Rexistro da Propiedade aos efectos de que poidan practicar as modificacións pertinentes sobre a situación do ben.

CUARTA. SOBRE A POSIBILIDADE DA DESAFECTACIÓN E A SÚA INSCRICIÓN

A xurisprudencia admitiu a posibilidade dun uso privativo do subsolo, sen que por iso prexudíquese o carácter demanial do chan (cfr. Sentenzas do 1 de decembro de 1987 e 23 de decembro de 1991, aínda que referidas a un suposto de concesión administrativa, negaron a condición de sobranse nunha expropiación de terreos ao subsolo existente baixo aqueles e recoñecen que o aproveitamento do subsolo dunha praza pública por parte da Corporación Municipal é unha facultade que asiste a esta como titular do dominio público sobre a mesma, polo que en tanto a superficie ocupada polos inmobles expropiados siga cumprindo a mesma finalidade que determinou a súa adquisición coactiva e subsista a súa afectación, non pode haber dereito algún de reversión).

Cómpre destacar como xustificación que apoia a inscrición Resolución do 5 de abril de 2002, da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, no recurso gobernativo interposto polo Concello de Oviedo, contra a negativa do Rexistrador da Propiedade de Oviedo número 5 de don José María Cadenaba Coya a inscribir un acordo municipal de desafectación do subsolo do Parque de Inverno e constitución dun complexo inmobiliario: [...] ou se cabe unha desafectación total dos bens demaniales, seguindo os trámites legais, tamén caberá unha desafectación parcial que é a que vai implícita nos acordos municipais dirixidos a configurar como ben patrimonial o subsolo (haberá que entender que abarcaría a alienabilidade parcial do chan a que se refire o rexistrador na súa nota, derivada dos accesos á zona pública desde o subsolo e da configuración do complexo inmobiliario, e cantas outras limitacións puidesen derivarse da configuración como leira autónoma do subsolo).

QUINTA. Consta no expediente informe do técnico municipal, reproducése aquí parte do contido do informe do técnico municipal:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

“PRIMEIRO. OBXECTO:

O Concello ten o propósito de modificar a cualificación xurídica do ben de dominio público subsolo de praza de O Adro deste Municipio, a ben patrimonial, para destinalo a garaxes e rochos, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado.

SEGUNDO. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO EDIFICIO:

Tratase dun edificio baixo a rasante dunha praza pública de titularidade municipal coñecida como “praza do Adro”, as características constructivas deste edificio son as seguintes:

O sistema estrutural para a cimentación esta executado con zapatas illadas nos piares e zapatas corridas en muros, uníndose toda a cimentación mediante vigas de atado. O sistema estrutural que transmite as cargas a cimentación está formado por muros de formigón armado. As superficies horizontais executáronse con forxados nervados in situ de canto 25+5 cm recheos con formigón e armados con aceiro corrugado, estes forxados descansan directamente nos muros de formigón armado perimetrais e nos piares centrais. A cuberta do edificio resólvese cun acabado de formigón puído sobre o forxado de planta alta e un impermeabilizante por baixo para garantir a estanquidade. O cerramento tipo do edificio estará constituído por: unha folla exterior de granito de 3 cm de espesor, e folla de muro de formigón armado. Os chans en contacto co terreo resólvense mediante unha soleira de formigón asentada sobre encachado e grava. A carpintería metálica tanto interior como exterior (barandillas, porta entrada, portas interiores) e de aceiro. Os acabados interiores en paramentos e teitos fixéronse con pintura e a carpintería metálica lacouse.

TERCEIRO. ENTIDADES PRIVATIVAS RESULTANTES DA DIVISIÓN (con detalle das superficies, linderos e cotas de participación) e das zonas comúns.

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra A ($14,52+6,72= 21,24$ m²) no soto das instalacións da praza. Cuota de participación na comunidade 30,21%. Propiedade do **Concello de Abegondo**. Linda norte con don José Antonio López Meizoso e dona María Meizoso López, sur con dona Sheila Fuentes Martínez e don Daniel Calviño Moreno, este con Concello de Abegondo (camiño AB-0845) e oeste con Concello de Abegondo.

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra B ($18,18+6,72= 24,90$ m²) no soto das instalacións da praza. Cuota de participación na comunidade 35,40%. Adxudicada a **don José Antonio López Meizoso e dona María Meizoso López** segundo convenio co Concello de 26/12/2013. Linda norte con Concello de Abegondo e dona Dolores María García Lesta, sur con Concello de Abegondo, este con zona común e dona Dolores María García Lesta e oeste con Concello de Abegondo.

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra C ($16,42+7,77= 24,19$ m²) no soto das instalacións da praza. Cuota de participación na comunidade 34,39%. Adxudicada a **dona Dolores María García Lesta** segundo convenio co Concello de 20/01/2014. Linda norte con Concello de Abegondo, sur con don José Antonio López Meizoso e dona María Meizoso López, este con Concello de Abegondo e oeste con Concello de Abegondo e don José Antonio López Meizoso e dona María Meizoso López.

Zona común (28,07 m²) no soto das instalacións da praza. Propiedade de todos os integrantes da comunidade. Linda norte con Concello de Abegondo e dona Dolores María García Lesta, sur con dona Sheila Fuentes Martínez e don Daniel Calviño Moreno, este con Concello de Abegondo (camiño AB-0845) e oeste con Concello de Abegondo e don José Antonio López Meizoso e dona María Meizoso López.

[...]

CUARTO. De acordo coa documentación técnica que consta no expediente e unha vez examinadas todas as características do ben, procede afirmar que a valoración do citado ben de dominio público ascende á cantidade de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

catorce mil cincocentos trinta e nove euros (14.539 €), sendo a valoración das distintas unidades rexistras a que segue:

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra A ($14,52+6,72= 21,24$ m²). Cuota de participación na comunidade 30,21%. A valoración estimase en catro mil trescentos noventa e dous euros (4.392,00 €).

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra B ($18,18+6,72= 24,90$ m²). Cuota de participación na comunidade 34,39%. A valoración estimase en cinco mil euros (5.000,00€).

Praza de garaxe co seu correspondente rocho sinalada coa letra C ($16,42+7,77= 24,19$ m²). Cuota de participación na comunidade 35,40%. A valoración estimase en cinco mil cento corenta e sete euros (5.147,00 €).

QUINTA. O ben descrito non cumpre coa finalidade pública á que foi destinado, e que o mesmo sería axeitado para garaxe e rochos polas súas características e construción, de feito, xa hai delimitados eses espazos para aparcar os vehículos e uns pequenos rochos ou trasteiros.

CONCLUSIÓNS. Por todo o exposto, estimo que é oportuna a desafectación do ben de dominio público, xa que é apto para ser destinado ao novo uso ou servizo exposto e pode pasar de ser un ben de dominio público a ser considerado como ben de carácter patrimonial”.

SEXTA. Logo da aprobación inicial da desafectación do ben Garaxe e trasteiros (rochos) que está no subsolo da Praza de O Adro (Abegondo) e da publicación do anuncio de aprobación inicial no BOP da Coruña núm. 156 do 17 de agosto de 2023, durante o período de información pública do expediente, foron presentadas en prazo dúas alegacións no Rexistro do Concello de Abegondo: o día 12.09.2023 a de Ezequiel Varela Charlón, en representación de María Dolores López Meizoso e o día 13.09.2023 a alegación de María Jesús García Rodríguez.

María Jesús García Rodríguez nas súas alegacións afirma que o 14.04.204 asinou un convenio co Concello de Abegondo no que estipula que cede ao Concello : a) para ampliación de carreteira 299 m² b. Para actuacións entorno igrexa 204 m², con relación a esta última superficie, a estipulación Terceira indicaba o seguinte: El terreno cedido de 204 metros cadrados para “actuaciones en el entorno de la iglesia no podrá dedicarse a otra actividades, únicamente para desarrollar actividades públicas como plaza, jardín etc, repercutiendo otra vez en los propietarios si se dedicara a cualquier otra actividad.” A alegante estima que a desafectación pretendida supón que se deixe de destinar ao uso xeral ou ao servizo público, sendo esta situación contraria ao convenio asinado.

Como resposta a esta alegación cómpre indicar que o Concello destinou esa superficie de terreo a actuacións públicas e segue a destinar o mesmo terreo a fins públicos, tales como son a praza de O Adro, que continúa a preservar o seu carácter de ben demanial. Con esta desafectación o que se pretende é cumprir co pactado nun convenio con outros titulares de dereitos sobre esa praza, sen prexuízo de que o dereito á reversión, de acordo co estipulado na lexislación expropiatoria, xa venceu.

Sexa como fose, en ningún caso se está a incumprir o pactado en 2004 xa que os terreos están destinados a uso público coa realización e a mera existencia da praza municipal.

Ezequiel Varela Charlón, en representación de María Dolores López Meizoso solicita a devolución das porcións de terreo cedidas segundo o contrato de 26 de decembro de 2013. O Concello construíu a praza e os bens están afectos ao uso público como ben demanial, trátase dunha prestación que non se pode desfacer, o que sí que se pode realizar



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

é chegar a un acordo en canto á finalización convencional para a satisfacción que o concello ten pendente e que pretende levar a cabo mediante este convenio. Polo tanto, o Concello está en disposición de cumprir co acordado no convenio para entregar os garaxes e trasteiros mediante a desafectación deste ben e por outro lado, pode chegar a un acordo para non entregar o ben a cambio da valoración establecida. En todo caso, cómpre desestimar a alegación xa que o incumprimento do convenio é unha cuestión á parte da desafectación en canto aos motivos para a oposición á mesma, de feito, é necesaria para poder cumprir o acordado.

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas polos motivos expostos.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente a desafectación do ben Garaxe e trasteiros (rochos) que está no subsolo da Praza de O Adro (Abegondo) propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

TERCEIRO. Levar a cabo a desafectación das prazas de garaxe e rochos da Praza Pública de "O Adro" e solicitar, no seu caso, a inscrición no inventario municipal de bens deste subsolo como finca independente patrimonial absolutamente diferenciado da finca superior que lle serve de soporte e que continúa sendo ben de dominio público e posteriormente a inscrición no rexistro da propiedade.

CUARTO. Notificar as partes interesadas e ao Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña.

O que propono para os efectos oportunos.

Ábrese o debate logo dunha explicación do secretario dos antecedentes e do cumprimento da sentenza que anulou a concesión anterior e obriga a entregar os trasteiros:

Blandino García Roel: Ímonos abster neste tema.

Jairo Bello Vidal: Non nos queda claro o uso público e que con cartos públicos se favoreza a propietarios nin como se valoraron o garaxes. O concello chega ao contencioso por non contestar ao recurso de reposición e tamén contestou ao xulgado fóra de prazo. Estamos faltos de aclaracións e de transparencia en todo o proceso, imos votar en contra.

Alcalde-Presidente: Este tema leva mais de vinte anos dando voltas.

Non habendo mais intervencións, pásase á votación:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 1 (Blandino García Roel)

Votos en contra: 3 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañás Otero)

O asunto queda aprobado pola maioría indicada.

4.MOCIÓN PRESENTADA POR O BNG RELATIVA AO EMPRAZAMENTO TUMULAR OU NECRÓPOLE QUE SE



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SITÚA NA ZONA ALTA DE MONTOUTO (SAN BARTOLOMEU) E NA ZONA DE VIZOÑO (A MALATA O ABELAR,BORRUCEDO),O QUE ACTUALMENTE COÑECEMOS CO NOME DE MONTE SAN BARTOLOMEU.

Por parte do representante do grupo mixto, BNG dase lectura á seguinte moción:

Moción relativa ao emprazamento tumular ou necrópole que se sitúa na zona alta de Montouto (San Bartolomeu) e na de Vizoño (A Malata, O Abelar, Borrucedo). O que actualmente coñecemos co nome de Monte San Bartolomeu .

Blandino García Roel, con DI nº 79321130H, en calidade de concelleiro do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), e voceiro do mesmo no Concello de Abegondo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

Exposición de motivos:

“ Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio”.

Este parágrafo correspóndese co Artigo 46 do Título I dos dereitos e deberes fundamentais. (Capítulo 3º dos principios reitores da política social e económica) que se recolle na Constitución do Estado Español.

Desenvolverase, posteriormente, no Artigo 27 punto 18 do Estatuto de Autonomía da Galiza.

Tendo presente todo o recollido anteriormente, o BNG de Abegondo ve moi clara a importancia da recuperación, rehabilitación, restauración e mantemento de todo o patrimonio cultural, arquitectónico, artístico, medioambiental... que nos caracteriza como pobo e que mostra a nosa evolución como sociedade. Nas nosas mans está que toda esta herdanza patrimonial, que nos deron os devanceiros, se manteña nas mellores condicións para que, as galegas e galegos que veñen despois de nós entendan de onde veñen, a onde pertencen e cara a onde van.

Certo é que somos un País cunha grande riqueza patrimonial que testemuña o antiga que é a nosa sociedade, canto se desenvolveu ao longo da historia e cal foi o seu papel nesta. Dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que unha sociedade que coida do seu patrimonio, xa sexa cultural ou arquitectónico, artístico ou literario, paisaxístico ou ambiental é ao fin unha sociedade moderna, preocupada polo País e implicada no seu desenvolvemento.

Aínda que a lexislación é moi clara no que respecta á conservación e defensa do patrimonio, sexa este do ámbito que sexa, e tendo en conta, tamén, que no concello de Abegondo ostenta a maioría absoluta un partido político que se di constitucionalista, a conservación do patrimonio de Abegondo é, cando menos, moi deficiente. Certo é que as competencias no tocante a todo o que ten a ver co patrimonio está nas mans da Xunta de Galiza mais, dende o BNG , pensamos que isto non é excusa para non tecer redes de colaboración entre institucións e traballar arreo na recuperación patrimonial.

A pouco que un pasee por terras abegondesas e sexa algo observador encontrarase con patrimonio arquitectónico en moi mal estado, muíños de auga moi deteriorados, algúns conservan só as 4 paredes, outros moi singulares, como o de Cabanas (preto do colapso), toda unha estrutura de enxeñería hidráulica presa do esquecemento, capelas abandonadas por exemplo Santa Ana ao carón do encoro Abegondo - Cecebre, hórreos sen rehabilitar (e que mostran un gran deterioro), a ponte medieval de Beldoña, chea de silvas e outro tipo de vexetación, a Ponte das Táboas en similar situación, casas brasonadas que, nin tan sequera se recollen no PXOM, como a casa da Torre en Montouto, fontes e lavadoiros sometidos a cuestionábeis reformas e así unha longa lista.

Patrimonio arqueolóxico que non recibe ningunha atención por parte das autoridades municipais, temos Mámoas sen sinalizar onde se atopan, algunhas xa teñen sufrido múltiples danos debido a que se descoñece a existencia destes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

túmulos. Temos minas de época galaico-romana afectadas por maquinaria pesada ou desaparecidas entre as sebes, posuímos o maior complexo mineiro aurífero do norte da Galiza como é o Monte Lourido en Sarandós. En similar situación atópanse os nosos castros convertidos, moitos deles, en eucaliptais, por exemplo o de Montouto, outros afectados por maquinaria pesada como o caso de Castro Maior, algúns con edificacións no propio castro, como acontece en Orto.

Atendendo a todo o dito até aquí dende o BNG de Abegondo queremos focalizar os nosos esforzos en toda a zona tumular ou necrópole que se estende por unha parte ben importante do Monte San Bartolomeu e que lle afecta sobre todo as parroquias de Folgoso, Montouto e Vizoño. Zona tumular ben documentada por Patrimonio da Xunta de Galiza e tamén no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal. Que precisaría, ao noso entender un estudo máis profundo e polo miúdo.

O feito evidente da importancia deste emprazamento tumular xa o marca a propia xunta no :

“Estudio sobre emplazamiento tumular realizado en el marco de la línea de investigación en Arqueología del Paisaje que se desarrolla en la Universidade de Santiago (Departamento de Historia 1), a través del proyecto «A Culturización da Paisaxe Prehistórica”, financiado en 1992 y 1993 por la D. X. P. H.-D. de la Xunta de Galicia, relacionada con los proyectos de Control de Impacto Arqueológico en Obras Públicas y Seguimiento Arqueológico de las obras de construcción del Oleoducto A Coruña-Vigo, llevado a cabo por la empresa C. L. H.”

Que máis tarde recollería a profesora VICTORIA VILLOCH VÁZQUEZ no seu traballo **“Contribución al análisis del emplazamiento tumular: La necrópolis de As Travesas (Abegondo-A Coruña)”** , e que usaremos dende o BNG como inspiración para a defensa desta moción que hoxe nos ocupa.

A pesares dos avances das últimas décadas, sobre o fenómeno Megalítico (longo período onde conviviron diversas culturas) aínda temos unha imaxe incompleta deste período xa que case a totalidade dos túmulos conservados foron violados ou alterados dende antigo na procura de supostos tesouros.

Logo a desfeita continuou, e continúa non xa coa busca dos citados tesouros máis si atendendo a intereses especulativos , madeireiros, ou urbanísticos entre outros. No caso do noso emprazamento tumular en perigo pola presión do oligopolio eléctrico (PE San Bartolomeu) ou polos intereses madeireiros que están enchendo a parte alta do Concello de Abegondo de grandes plantacións de eucaliptos.

Cómpre salientar que da etapa megalítica o que mellor se coñece é o referente ao mundo funerario e espiritual, mais pouco sobre o seu hábitat (que non estaría lonxe dos túmulos) o que impide coñecer os seus costumes. Semella que os megaliteiros concedían máis importancia á morte, ao Máis Alá, que á vida. Do que non cabe dúbida é que a construción destes enterramentos vai a significar a primeira humanización da paixaxe da Galiza, asistindo a unhas transformacións non vistas ata entón co desenvolvemento da agricultura e a gandería, a sedentarización, o aumento da poboación e a especialización, adaptando o Medio ao Home (no Paleolítico era o home o que se adaptaba ao seu entorno).

No intre en que falamos da riqueza tumular do noso concello non nos referimos a pouca cousa ou a algo que non teña importancia xa que a riqueza de Mámoas que presenta Abegondo é evidente e non dá lugar a discusión:

Crendes (Crendes); Vilar (Vilar-Crendes); San Bartolomeu (San Bartolomeu-Montouto); Truz (no Centro de Interpretación Agraria de Mabegondo); Mabegondo (Mabegondo); A Medorra (A Xilda-Meangos); OCoruxo (Adrán-Vizoño); Borducedo Pequeno (Borducedo Pequeno-Vizoño); Campeáns (Braña-Vizoño); O Campo (O Campo-Vizoño); O Abelar (A Malata-Vizoño); Granxa de Abegondo (Vizoño); A Brea (Ribela-Vizoño).

Mámoas do Abelar (Montouto-Vizoño): Necrópole con 10 túmulos, algúns cunhas medidas entre 20 e 30 metros de diámetro.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Mámoa da Brea (Vizoño): Practicamente arrasada por unha plantación forestal.

Mámoas de Campeáns (Vizoño): Necrópole con dous enterramentos duns 20 metros de diámetro e cono de violación.

Mámoa do Campo (Vizoño): Duns 22 metros de diámetro. Afectada por unha plantación forestal.

Mámoas da Graxa de Abegondo (Vizoño): Necrópole formada por dúas mámoas.

Mámoas de San Bartolomeu (Montouto): Necrópole con catro túmulos situados a 450 metros de altitude. Unha, na inmediación de San Bartolomeu, foi practicamente destruída. Outra está afectada pola limpeza do tendido eléctrico. Outra foi cortada por un camiño. A que mellor se conserva ten uns 15 metros de diámetro.

Mámoa de Vilar (Crendes): Na mesma aldea de Vilar. Ten unhas medidas de 12 por 13 metros. Cráter de violación.

No espazo que ocupa o Monte San Bartolomeu temos unha necrópole de máis de 20 túmulos tan só explicable, e sempre tendo presente o estudo da profesora Victoria, por cousas como que estamos diante da Cordal Ártabra, é dicir Monte Xalo, Monte San Bartolomeu e Montes do Gato. As tres elevacións separan as terras altas da zona de Ordes da plataforma litoral do Golfo ártabro e estes cumes definidores de territorios e espazos foron para os nosos devanceiros lugares de culto e adoración á morte, ao tránsito, ao volver a ser un coa natureza que os rodeaba. De feito este tipo de emprazamentos tumulares tamén os temos catalogados no Xalo e nos Montes do Gato o que evidencia un claro continuum nesta Cordal Ártabra se falamos de cultura funeraria megalítica.

Outra das explicacións que se debullan para entendermos este fenómeno tumular que temos nas zonas altas de Abegondo, mais non so, é que está nunha zona natural de tránsito xa desde tempos ben pretéritos, camiño real Mesón do Bento con Betanzos, Camiño de Santiago variante inglesa tanto na vertente que sae da Coruña como a vertente que sae de Ferrol, Vía da

Alcaiana que comunicaba a zona interior do país coa zona máis costeira, a Vía XX per Loca Maritima que comunicaba Bracara Augusta e Asturica Augusta bordeando o litoral atlántico da Gallaecia...

Unha característica moi común nas nosas mámoas e que se da menos no resto da Galiza é a presenza nelas de corazas de cuarzo, certo é que algunha delas xa arrasadas como pode ser unha das de San Bartolomeu.

Por todo o visto até aquí, e presentando sempre como referencia algúns estudos que cremos abalan a postura do BNG de Abegondo. Atendendo, tamén, a importancia de outros elementos arqueolóxicos que presenta o territorio que nos ocupa, Castro Maior, o Castro da Alcaiana, as minas castrexo romanas de Titín ou da Fraga, a Vía Romana, o muíño de San Bartolomeu (un dos primeiros en subministrar electricidade no Concello de Abegondo), o poboado medieval de San Bartolomeu, a desaparecida capela de San Bartolomeu, amplamente documentada, o extraordinario patrimonio natural que aínda existe (brañas, extensos montes de ribeira, frondosas, nacementos rochosos, leitos fluviais...). O BNG somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1- Instar dende a corporación municipal á Xunta de Galiza a que declare a zona alta de Abegondo (Monte San Bartolomeu en Montouto, Abelar, A Malata, Borrucedo en Vizoño) zona de especial protección arqueolóxica e natural.

2- Que dende o Concello se inicien os trámites necesarios xunto con Patrimonio da Xunta de Galiza para a creación dun parque arqueolóxico semellante ao do Monte do Gato na zona que estamos a tratar.

3- Que o Concello inicie tarefas de sinalización e posta en valor das Mámoas que hai en Abegondo, para deste xeito darlle a coñecer o patrimonio á veciñanza así como ter sempre presente a ubicación destes monumentos funerarios para que as empresas madeireiras non usen maquinaria pesada nas súas proximidades.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4- Establecer rutas didácticas cos veciños e veciñas así como co alumnado dos centros do noso concello para expor a riqueza do noso patrimonio e difundir valor que ten conservalo para sabermos a onde imos como sociedade.

5- Difundir a necesidade de respectar o perímetro de protección dos elementos tumulares se queremos que sigan vixiando os nosos montes en tempos futuros.

Ábrese o debate:

Alcalde-Presidente: Podemos estar de acordo co punto primeiro pero o pxom fala dunha mámoa. ¿Ten constancia de que existen? Imos a ir persoalmente e comprobalas e despois traemos a moción

Blandino García Roel: se non cre a documentación, vostede verá.

Jairo Bello Vidal: Temos claro que no tema das mámoas e muíños temos que recuperar o patrimonio e imos estar a favor de que Abegondo sexa un referente en materia de recuperación de patrimonio cultural.

Alcalde-Presidente: A min paréceme que o único punto viable e o primeiro e se é así terá o noso voto favorable. Eu nunca os vín aínda que estean no PXOM, e a partir de aí que se investigue.

Blandino García Roel: Vostede pode votar o que queira.

Non habendo mais intervencións, pásase á votación:

<p>Votos a favor: 4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañás Otero e Blandino García Roel) Abstencións: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro) Votos en contra: 0</p>
--

Poolo que a moción queda aprobada pola maioría indicada.

5.MOCIÓN PRESENTADA POR O BNG PARA A INSTALACIÓN DE SENDAS PEONÍS OU BEIRARRÚAS NA DP-0103

Por parte do representante do grupo mixto, BNG dase lectura da moción presentada.

Ábrese o debate:

Alcalde-Presidente: Xa se solicitou e o único que autorizaron é poñer barandillas e o resto dixeron que non, coa sinatura dos veciños.

Jairo Bello Vidal: temos unha reunión prevista de infraestrutura e nos dixeron que faltan cousas, un estudo individualizado da vía, integral para mellorar non só esa senda senón mais, hai melloras que se poden facer como para os ciclistas e no tema de Sarandós hai cousas que non se poden pero imos solicitar que cada vía teña un mantemento e dotación anual, se a solicitude foi feita polos veciños, caso Bordel, tentaremos que iso teña efecto e tamén hai outros problemas como na AC 221 san Tirso San Pedro, houbo dúas persoas que caeron e hai que facer un estudo de todas as vías e pormenorizado, que se inclúa na moción.

Alcalde presidente: Ese último tema xa está solucionado pero xa que estades gobernando en coalición na deputación a ver e o conseguides e que de faga o estudo e se cumpra.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Pásase á votación da moción coas emendas presentadas e aceptadas:

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro, Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero e Blandino García Roel)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que a moción coas emendas presentadas queda aprobada por unanimidade dos membros presentes:

Moción para a instalación de sendas peonís ou beirarrúas na DP-0103.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG de Abegondo, como supomos que calquera outro partido político, entende que a seguridade viaria da súa veciñanza é un dos eixos fundamentais de calquera actuación ou xestión política no ámbito local. O correcto mantemento da rede de estradas do Concello, a creación de novas sendas peonís, de novas beirarrúas, unha boa sinalización viaria, unha iluminación nocturna que nos transmita seguridade, un xeitoso mantemento de foxos, sumidoiros, desaugadoiros etc, unha boa xestión das escorrentías e as correctas limpeza de valos e valados implican, xeralmente, a mobilización de grande esforzo orzamentario e humano para un Concello.

Non esquecemos, tampouco, que cando estamos a tratar o tema da seguridade viaria tanto no que respecta ao peón, como elo máis feble da cadea, así como cando lle corresponde ao parque automobilístico ou aos

servizos públicos de transporte son moitas as institucións implicadas e moi compartimentadas as competencias que a cada unha lle corresponde. É por isto que a capacidade de diálogo, de entendemento, de cooperación, de tecer redes que ten que existir entre as institucións nacionais, autonómicas e locais debe ser a norma e non a excepción xa que o que temos entre mans é a seguridade das nosas cidadás e cidadáns.

O Concello como entidade máis apegada ao territorio e por ende moito máis próxima á xente, á veciñanza ten que ser o primeiro en dar a voz de alarma cando detecta un problema na rede viaria que pode supor un perigo para as persoas que habitan o seu territorio. O Concello ten que actuar de elo de unión e arbitro entre as distintas institucións implicadas nas solución dun problema se este non o pode resolver por si propio. En última instancia o Concello é o voceiro da súa xente diante das diferentes administracións públicas.

Tendo en conta todo este contexto que até o de agora presentamos, e considerando que os partidos políticos que forman a corporación municipal tamén son Concello e, polo tanto, voceiros da súa veciñanza. O BNG de Abegondo recolle como súas propias as consideracións que veciñas de Figueiroa e da parte baixa de Montouto (As Nogueiras, Santín) nos trasladaron hai algo máis dun mes despois de presentarmos a moción sobre a Capela de Santo Amaro nesta mesma sede municipal.

Estamos a falar de veciñas e veciños que teñen por costume saír a camiñar ao longo da DP- 0103, de titularidade da deputación e que une o pobo de Carral coa parroquia abegondesa de Santa Cristina de Montouto. Teñen como rutina case diaria irdes dende As Nogueiras até o adro da igrexa de San Miguel de Figueiroa para despois seguir por diante das ruínas da Capela de Santo Amaro e finalmente incorporarse á AC- 542 isto mesmo ocorre pero ao revés coa xente de Figueiroa.

Comentábanos estas veciñas e veciños que vían moi necesario que ao longo desta estrada, ao menos até a altura da igrexa de Figueiroa, se artellara algún tipo de senda peonil ou beirarrúa ou mesmo a combinación de ambas as



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

dúas, xa que esta é unha vía con bastante tránsito de coches

debido a que é a estrada que unha parte do Concello usa para a súa comunicación coa cidade da Coruña.

Diciánnos que cando camiñaban pola DP- 0103 non se sentían moi seguras xa que teñen que transitar pola beiravía que case sempre esta invadida de matogueira o que dificulta aínda máis o paseo a pé.

Unha vez coñecida esta situación o BNG de Abegondo, como fai de forma habitual, achegouse ao lugar en cuestión da DP- 0103 dende As Nogueiras até a propia igrexa de Figueiroa para verificar toda a información que se nos trasladara, e constatou que a veciñanza ten razóns suficientes para demandar máis seguridade para os peóns nesta estrada. Tamén puidemos observar que o anaco de vía que aquí nos ocupa presenta unha característica especial a nivel paisaxístico e ambiental que obrigaría, ao noso entender a unha intervención máis respectuosa que desbotase elementos como o cemento prensado o asfalto etc.

Referímonos ao espazo comprendido dentro do que se chama a Chousa do Marqués, unha masa de frondosas de monte tradicional que ten de ser posta en valor facendo actuacións que sexan coherentes coa súa importancia paisaxística e ambiental. Falamos de sendas peonís en madeira, pedra ou elementos tradicionais que non resalten neste fermoso espazo e que pasen o máis desapercibidas posíbel mentres cumpren a súa función de facilitar o tránsito a pé.

No Concello de Abegondo todas e todos sabemos da importancia da DP-103 como eixe vertebral das parroquias de Sarandós, Figueiroa e un anaco de Montouto. Sabemos que é unha vía que no lugar da Calle en Sarandós convértese no Camiño de Santiago na súa variante inglesa. Sabemos, tamén que é unha estrada con un gran número de elementos patrimoniais ao seu carón que merecen todo o coidado e atención por parte das autoridades municipais. Non debemos esquecer tampouco que estamos diante da mesma estrada para a que as veciñas e veciños de Sarandós pediron o 25 de novembro de 2021 (petición número de rexistro 4547) uns pasos de peóns sobreelevados no lugar da Calle debido a inseguridade viaria que sofren neste tramo do Camiño de Santiago.

Con todo o exposto até o momento e como somos sabedores de que a DP-0103 e de competencia da deputación da Coruña O BNG somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1- Instar a Deputación da Coruña a que realice unha visita acompañada da corporación municipal ao tramo que une As Nogueiras en Montouto coa Igrexa de Figueiroa para , deste xeito, comprobar a necesidade das referidas sendas peonís ou beirarrúas.

2- Unha vez constadada esta necesidade, instar a Deputación da Coruña a que inicie o proceso de dotación de sendas peonís ou beirarrúas na localización referida, mais atendendo ás especificidades paisaxísticas e ambientais que presenta.

3- Volver a reclamarlle a Deputación aquela reivindicación que en 2021 presentou unha parte da veciñanza de Sarandós solicitando os pasos de peóns sobreelevados para o lugar da Calle na mesma DP-103 e que a día de hoxe están sen facer.

4- Que o Concello teza todas as redes de colaboración coa Deputación que sexan necesarias para poder desenvolver os acordos que aquí se presentan e estudo de todas as vías e pormenorizado e que se inclúa dotación para poder levar a cabo as medidas que del se deriven.

Ás 14:40 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.